



EXCELENTÍSIMO  
CONCELLO  
DE FERROL

## BANDO MUNICIPAL

### D. JOSÉ MANUEL REY VARELA - ALCALDE PRESIDENTE CONCELLO DE FERROL

Ante a proximidade das festas de San Xoán e San Pedro que teñen como a súa máis recoñecida expresión as tradicionais cacharelas

### FAGO SABER

**PRIMERO.-** Quedan prohibidas todas as luminarias en terreos de dominio público salvo aquelas expresamente autorizadas polo Concello de Ferrol en base ao seu interese xeral.

**SEGUNDO.-** Quedan autorizadas as luminarias en terreo privado, realizadas polos seus propietarios, e que cumpran os preceptos de seguridade contemplados na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

**TERCEIRO.-** As luminarias en terreos privados deberán cumprir, así mesmo, as seguintes prescricións:

- 1) A mesma, deberá estar debidamente separada de calquera tipo de material combustible ou que poida sufrir danos. Dito espazo deberá estar libre de todo tipo de material combustible e será a lo menos de:
  - 15 metros a árbores de pequeno ou mediano porte.
  - 25 metros a árbores de gran porte, tendidos eléctricos, telefónicos, etc.
  - 15 metros do mobiliario urbano.
- 2) O tamaño máximo do material que forme a lumieira será de 4 metros de diámetro e 3 metros de alto.
- 3) O combustible empregado será obrigatoriamente de tipo vexetal.
- 4) A luminaria deberá quedar perfectamente apagada antes de abandonala.


**CUARTO.-** O propietario de todo terreo sito en zona de influencia forestal (a menos de 400 metros de zona forestal) non poderá acender a luminaria sen a autorización da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

**QUINTO.-** A presente autorización xenérica quedará en suspenso, en toda zona de influencia forestal, ante un Índice de Risco Diario de Incendios (IRDI) moi alto ou extremo.

**SEXTO.-** Calquera emerxencia xerada será informada, na maior brevidade posible, a os seguintes teléfonos:

- 112.
- Bombeiros 981 944 080.
- Policía Local 981 944 092.
- Incendios Forestais 085.

Ferrol, 10 de xuño do 2024.



D. JOSÉ MANUEL REY VARELA